

## CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO SOBRE O COÑECEMENTO E O USO DO GALEGO NA UDC (COMPARATIVO 2004-2024)

A Universidade da Coruña (UDC) convoca bolsas de colaboración ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a UDC para actuacións en materia de normalización lingüística.

### 1. Obxecto da convocatoria

O obxecto desta convocatoria é adxudicar 10 bolsas que permitan realizar actividades de apoio para efectuar un estudo sociolingüístico (comparativo 2004-2024) sobre o coñecemento e o uso do galego na UDC.

Tramitará estas bolsas o Servizo de Normalización Lingüística.

### 2. Financiamento

Esta convocatoria financiarase con cargo á partida orzamentaria 2024 0107 422D 480 00 (Convenio SXPL-UDC. Actuacións en materia de normalización lingüística. SNL. Bolsas estudantes) por un importe total de 6109,90 €.

Tal importe inclúe a cantidade de 609,90 € correspondente ás obrigas en materia de seguridade social da UDC como entidade financiadora do programa formativo (artigo 5 do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación).

### 3. Requisitos das persoas solicitantes

Poderá solicitar estas bolsas o estudantado da UDC que cumpra as seguintes condicións:

1. Estar realizando un mestrado relacionado cos métodos e as técnicas de investigación social, estar cursando o terceiro ou o cuarto ano dun grao con materias relacionadas con métodos e técnicas de investigación social (na guía docente deben recollese especificamente destrezas de tabulacións de datos e frecuencias) ou estar estudando un mestrado despois de obter o dito título de grao.
2. Ter coñecementos dos programas informáticos Excel e SPSS.
3. Ter o certificado de lingua galega Celga 4.

Ademais, as persoas candidatas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar matriculadas e ao corrente do pagamento da matrícula do grao ou mestrado durante o curso académico en que se solicite a bolsa.
- Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria, agás se a dita titulación é o requisito académico para continuar estudos na UDC.
- Manter a condición de estudantes de titulacións de grao ou de mestrado durante todo o período de duración da bolsa. A perda da condición de estudante dalgunha das titulacións oficiais



suporá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.

- Non incorrer en ningunha incompatibilidade das especificadas no Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña do 31/05/2016.

#### 4. Tarefas

As persoas seleccionadas terán as seguintes tarefas:

- Recollida sistemática de datos relativos aos comportamentos lingüísticos da comunidade universitaria (estudiantado, persoal docente e investigador e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos) e introdución deses datos no programa informático SPSS.
- Xeración de estatísticas.
- Análise e interpretación dos datos.
- Outras tarefas asociadas á realización do estudo.

#### 5. Duración e dotación económica

A duración das bolsas será dun mes, desde o 15/10/2024 ao 14/11/2024, cunha dedicación de 12 horas semanais.

O importe bruto da bolsa concedida será de 550 €. Ao dito importe aplicaráselle as retencións que correspondan en concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas, ademais das deducións que correspondan en concepto de seguridade social .

#### 6. Presentación de solicitudes

As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude conforme o ANEXO I, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte.
- Currículo coa correspondente documentación acreditativa.
- Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible nin realizar ningunha actividade retribuída (ANEXO II).

No caso de se realizar unha actividade retribuída deberase achegar unha certificación da Axencia Tributaria acreditativa do nivel de renda, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias por un importe superior ao 30 % do salario mínimo interprofesional.

#### 7. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación requirida, dirixidas ao Servizo de Normalización Lingüística da UDC, poderanse presentar, mediante un certificado dixital, no Rexistro electrónico da UDC, en calquera oficina de rexistro da Universidade, ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte á data de publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC e rematará ás 23:59 h do día 18 de setembro de 2024.

## 8. Listaxe de persoas admitidas e excluídas

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Sede Electrónica da UDC. O prazo de reclamacións será de tres días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional.

Tras resolver as reclamacións, de ser o caso, publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas no TEO.

## 9. Comisión de selección

Para realizar o proceso de selección, constituirase unha comisión de selección que estará formada polas seguintes persoas:

### Comisión titular

Presidente: Antonio Álvarez Sousa

Secretaria: Elvira Santiago Gómez

Vogal 1: Carlos Diz Reboredo

Vogal 2: José Antonio Cortés

Vogal 3: Antía Pérez Caramés

### Comisión suplente

Presidenta: María José Andrade Suárez

Secretario: Sergio Gómez Rodríguez

Vogal 1: María del Carmen Rodríguez Rodríguez

Vogal 2: Roberto Samartín López-Iglesias

Vogal 3: Mónica Belén Fernández Suárez

## 10. Criterios de selección

1. Expediente académico: máximo 3 puntos (30 % da puntuación total).
2. Coñecemento acreditado do galego: máximo 2 puntos (20 % da puntuación total).
3. Outros méritos: .
  - Formación e experiencia na elaboración de cuestionarios, tabulación de datos e frecuencias en Excel e SPSS: máximo 3 puntos (30 % da puntuación total).
  - Formación e experiencia na recollida e xestión de datos: máximo 1 punto (10 % da puntuación total).
  - Coñecementos informáticos e de tratamento web: máximo 1 punto (10 % da puntuación total).

Só se valorarán aqueles méritos que se acrediten documentalmente na data de finalización da presentación de solicitudes.

## 11. Resolución e aceptación da bolsa

A comisión de selección valorará as solicitudes admitidas conforme o establecido no artigo 10 e remitiralle unha proposta de persoas adxudicatarias e unha listaxe de agarda á Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade, que resolverá de xeito definitivo esta convocatoria.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso de reposición no prazo dun mes ou, alternativamente, un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Ambos os prazos contan a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO.

Unha vez que se adxudiquen as bolsas, as persoas beneficiarias asinarán un documento de compromiso de aceptación de todas as condicións que recolle esta convocatoria. De non o facer, a vicerreitora de Igualdade e Diversidade poderá adxudicalas a quen corresponda da listaxe de agarda.

A listaxe de agarda será utilizada tamén para cubrir posibles renuncias ou baixas que se produzan durante o tempo de duración da bolsa.

## 12. Obrigas das persoas bolseiras

As persoas bolseiras deberán cumprir as obrigas que están recollidas no artigo 10 do Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña do 31/05/2016.

## 13. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa solicitante facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son os seguintes: Rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono: 981 167 000, correo electrónico: [secretaria.xeral@udc.gal](mailto:secretaria.xeral@udc.gal)

A solicitude dunha bolsa na UDC implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7.<sup>a</sup> da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada nese taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos que están recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria. Terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, nos termos indicados no enderezo:

[https://udc.gal/gl/goberno/equipo\\_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/](https://udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/)

Así mesmo, tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Asinado dixitalmente pola vicerreitora de Igualdade e Diversidade

**ANEXO I. SOLICITUDE DUNHA BOLSA PARA REALIZAR UN ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO SOBRE O COÑECEMENTO E O USO DO GALEGO NA UDC (COMPARATIVO 2004-2024)**

DATOS PERSOAIS		
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
DNI/NIE/pasaporte:	Enderezo durante o curso académico:	
Municipio:	Código postal:	Provincia:
Teléfono de contacto:		Correo electrónico:

DATOS ACADÉMICOS
Titulación:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA
<input type="checkbox"/> DNI/NIE ou pasaporte <input type="checkbox"/> Copia do expediente académico <input type="checkbox"/> Currículo e documentación acreditativa <input type="checkbox"/> Acreditación de coñecementos dos programas informáticos Excel e SPSS <input type="checkbox"/> Certificado de lingua galega Celga 4
Outra documentación:

Antes de asinar este documento, debe ler a información básica sobre protección de datos que figura no punto 13 desta convocatoria.

Data:

Sinatura:

## ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA/PROMESA

D./D.<sup>a</sup> ..... co DNI/NIE/pasaporte  
..... e nacionalidade .....

Declara baixo xuramento ou promete que non recibe axuda económica incompatible nin realiza ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao 30 % do salario mínimo interprofesional.

Antes de asinar este documento, debe ler a información básica sobre protección de datos que figura no punto 13 desta convocatoria.

Data:

Sinatura:

### ANEXO III. COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS RECOLLIDAS NESTA CONVOCATORIA

Apelidos e nome: .....

NIF: ..... Enderezo: .....

.....

.....

Localidade: ..... CP: .....

Teléfono: .....

**Acepto** a bolsa de colaboración para realizar un estudo sociolingüístico sobre o coñecemento e o uso do galego na UDC (comparativo 2004-2024) que me concedeu a Universidade da Coruña e comprométome a cumprir todas as condicións recollidas nas bases da súa convocatoria, así como as que figuran no Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña do 31/05/2016.

Antes de asinar este documento, debe ler a información básica sobre protección de datos que figura no punto 13 desta convocatoria.

Data:

Sinatura: